



## II PREMIO DE POESÍA GONZALO LÓPEZ ABENTE

A Fundación Gonzalo López Abente, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, convoca o II Premio de Poesía Gonzalo López Abente, en lingua galega.

### BASES

1. Poderán concorrer ao II Premio de Poesía Gonzalo López Abente autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados serán inéditos, condición que se estende ao soporte dixital, e non poderán estar premiados en ningún outro concurso de poesía.
  2. A extensión dos textos non deberá ser menor a 400 versos.
  3. De cada orixinal presentárase en sobre pechado sen remite catro copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas ou grampadas, antes do día 15 de maio, na sede da fundación:  
Fundación Gonzalo López Abente  
R/ Virxe da Barca, 49. Casa das Beiras  
15124 Muxía (A Coruña)
- Indicarase no sobre “II Premio de Poesía Gonzalo López Abente”.
4. Os orixinais presentáranse baixo lema e xunto coas copias achegarase un sobre pechado, identificado co mesmo lema, que conterá o nome e os apelidos do autor ou autora, enderezo postal, número de teléfono e enderezo electrónico.
  5. O xurado estará composto por tres poetas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega e como secretario/a actuará un representante da fundación.
  6. O premio terá una dotación única de 2.000 €, suxeito á normativa fiscal vixente, e mais unha peza escultórica conmemorativa. A obra premiada será propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición, que será publicada por

Edicións Xerais de Galicia. En posteriores edicións, ao igual que na primeira, farase constar a condición de premiada no II Premio de Poesía Gonzalo López Abente.

7. O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o xurado así o estime e a decisión será inapelable.
  
8. Os orixinais non premiados poderán ser recollidos na sede da fundación, previa solicitude, no prazo dun mes. Os que neste prazo non sexan recollidos destruíranse.
  
9. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases e da interpretación que delas faga o xurado, non admitíndose recurso contra a decisión que este adopte nas súas funcións.